

# Partes dun extintor



1. Manómetro
2. Panca de apertura
3. Panca fixa
4. Pasador de seguridade
5. Mangueira
6. Boca de mangueira
7. Identificación de revisións

## EXTINTORES PORTÁTILES



Universidade de Vigo

Servizo de Prevención  
de  
Riscos Laborais

**EXTINTORES PORTÁTILES**

Decembro de 2007

Universidade de Vigo

Servizo de Prevención  
De  
Riscos Laborais

# Manexo de extintores portátiles

Que é un extintor?

É un aparello a presión que contén unha substancia que, ao ser proxectada cara o lume, permite apagar un incendio.

Emprazamento

Cómpre que coñezamos a situación exacta dos extintores. O seu emprazamento debe ser visible e nada pode impedir acceder a eles doadamente.

Tipos de extintores

É moi importante empregar o tipo de extintor axeitado dependendo da clase de lume que se queira apagar.

AXENTE EXTINTOR	CLASES DE LUMES			
	A	B	C	D
Auga pulverizada	***			
Auga a chorro	**			
Po BC (convencional)		***	**	
Po ABC (polivalente)	**	**	**	
Po específico par metais				**
Espuma física	**	**		
Anhídrido carbónico	*	*		
Hidrocarburos haloxenados	*	**		
A: sólidos B: líquidos C: gases D: metais especiais				
*** Moi axeitado ** Axeitado * Aceptable				

Como utilízalo?

Buscar o extintor máis próximo que sexa do tipo axeitado para o incendio que se desexa combater

Descolgar o extintor, colléndoo pola panca ou asa fixa e deixalo no chan en posición vertical.

Quitar o pasador de seguridade da válvula, dándolle a volta á argola ata romper a cinta.



Realizar unha pequena descarga de comprobación, aproximándose ao incendio na dirección do vento.

Achegarse ao lume ata onde a temperatura o permita.

Apertar o disparador mantendo o extintor en posición vertical e apuntando á base do lume. Dirixir o chorro á base das chamas con movementos de varrido, NUNCA SOBRE AS CHAMAS.



Descargar sempre na dirección do vento, NUNCA EN CONTRA.

Se o lume se propaga verticalmente, comece a extinción dende abaixo e logo continúe cun suave movemento ascendente.

Se o incendio é de líquidos, proxecte superficialmente o axente extintor efectuando un varrido e evite que a propia presión de impulsión provoque un derrame do líquido incendiado.

En instalacións eléctricas, se é posible, corte a corrente eléctrica.

Se o lume é intenso vaia acompañado e use máis dun extintor, NUNCA VAIA SÓ.

LEMBRE:

- ◆ Se a súa vía de escape se ve ameazada
- ◆ Se se lle acaba o axente extintor
- ◆ Se o uso do extintor non semella dar resultado
- ◆ Se non pode seguir combatendo o lume de xeito seguro

ABANDONE A ZONA INMEDIATAMENTE!!!